



Recomendación e recordatorio de deberes legais dirixidos á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para que na consideración das circunstancias específicas que xustifiquen unha autorización excepcional de nova parada, tales como as especiais condicións orográficas da zona, as condicións de seguridade viaria, a existencia de limitacións de mobilidade por parte dos escolares, ou a concorrencia doutras circunstancias concretas e extraordinarias no ámbito territorial, nas persoas usuarias ou nas súas familias, se pondere en particular a concorrencia do dereito á conciliación da vida persoal e familiar, tendo en conta os horarios de traballo dos pais e o coidado de menores e dependentes na concreta unidade familiar

Expediente: D.3.Q/11139/22

Santiago de Compostela, 12 de decembro do 2022

Sra. conselleira:

Como sabe, ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención xxxxx.

ANTECEDENTES

No seu escrito indicaba, esencialmente, que formulaba a queixa pola falta de resposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia ao recurso de alzada interposto contra a resolución sobre solicitude de autorización da parada do bus escolar "Ribeira 2" para o curso 2022/2023 presentada polo IES Basanta Silva de Vilalba.

Este recurso baseábase en que a Consellería denegara unha parada da liña preto da súa casa, baseándose en que existía outra a menos de 1'5 km.

Segundo a interesada, a Administración prescindiu de que eses 1'5 km percórrense a través dun camiño de terra que atravesa o monte de San Simón, sen ningún tipo de iluminación, lugar despoboado e no que hai lobos. Obrígase a facer este traxecto a unha nena de once anos sen acompañante ás 07:30 horas, é dicir, en plena noite.

Neste recurso, alegábase que poucos adultos farían ese percorrido a pe en plena noite, co que era intolerable que se defendese o argumento tratándose dunha menor de idade, ao que ningún pai permitiría utilizar ese camiño (acompañábase o recurso e as fotografías do camiño forestal polo que se pretende que vaia a alumna).

En consecuencia, requirimos desa Consellería que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei da Valedora do Pobo, nos facilitase información sobre o problema que motivou a queixa. En particular, a comprobación da situación referida na queixa sobre as condicións da ruta que debe percorrer a alumna e, no seu caso, a valoración sobre se pode considerarse ou non unha situación excepcional a efectos de autorización dunha nova parada.

No informe, elaborado pola xefa do Servizo de Ordenación do Transporte Regular de Viaxeiros, remitido polo subdirector xeral de Ordenación do Transporte e coa conformidade do director xeral de Mobilidade, tras recollerse as alegacións da interesada no recurso, coincidentes esencialmente cos feitos e valoracións trasladados no escrito de queixa, a Administración identifica o servizo de transporte público ao que se refire a queixa, que encádrase no contrato de concesión XG-676 Nordés da comarca de Terra Chá do Plan de Transporte de Galicia, en concreto á ruta de transporte integrado XG676014.

Con respecto á denegación inicial da creación dunha nova parada, a resolución do 29 de xullo de 2022 do Servizo de Mobilidade de Lugo, xustifica a denegación atendendo aos criterios recollidos no punto 5.c da Instrución conxunta 1/2022, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, sobre a xestión do servizo de transporte de escolares no curso escolar 2022-2023 do 27 de xuño de 2022 para a creación de novas paradas nas rutas de transporte integrado.

Partindo de ditos criterios, a resolución denega a creación da parada solicitada polos seguintes motivos:

— Con carácter xeral, non se autorizan a creación de novas paradas en distancias inferiores a 2 km. da parada máis próxima.

— A parada solicitada atópase a 1,5 km da parada máis próxima, Lagoa, distancia inferior aos 2 km. aos que se refire a normativa vixente, e ademais supón un desvío de 1.400 metros na ruta integrada.

No informe do Servizo de Mobilidade de Lugo do 28 de outubro reitéranse as consideracións legais e técnicas da resolución engadindo que "a parada Ribeira 2 non está nin estivo en ningunha ruta escolar do IES Santiago Basanta Silva de Vilalba".

Polo tanto, conclúe que a denegación da creación da nova parada se axusta á normativa vixente. Recalca ademais que non é posible recoller a cada escolar do transporte integrado ao pé da súa casa, agás en casos excepcionais, pois existiría o risco dun efecto mimético.

Con respecto á tramitación do recurso de alzada interposto o 13 de setembro de 2022, o Servizo de Mobilidade de Lugo, responsable da concesión XG-676, á que pertence a liña integrada na que se solicitou a parada, emitiu o preceptivo informe referido ao recurso de alzada o 28 de outubro de 2022. De acordo co exposto, infórmase que a denegación da creación da parada Ribeira 2 axústase aos criterios establecidos na dita Instrución conxunta 1/2022.

ANÁLISE

O informe elaborado pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade non da resposta á solicitude de información que lle formulamos nos seus exactos termos. As consideracións legais e técnicas recollidas no informe son coñecidas e teñen un carácter obxectivo. Porén, o recurso non se pronuncia nin resolve os aspectos materiais e de fondo que cualifican a situación exposta na queixa, sen que en ningún caso poda ampararse a desestimación dunha solicitude destas características no propósito de evitación “do risco dun efecto mimético”.

A solicitude de informe que remitimos a esa consellería centraba a investigación na comprobación da situación referida na queixa sobre as condicións da ruta que debe percorrer a alumna e, no seu caso, a valoración sobre se pode considerarse ou non unha situación excepcional a efectos de autorización dunha nova parada. Ningunha destas dúas cuestións son aclaradas no informe:

-A interesada manifesta no seu escrito que a parada adxudicada, Lagoa, está a 2.3 Km. da vivenda e que esa distancia de 1.5 Km. indicada pola consellería mídese por un camiño de terra monte a través, inseguro e sen iluminación, que unha alumna que ten actualmente 12 anos debe percorrer soa de noite. Esta diferenza é substancial porque as distancias entre vivendas e paradas débense calcular “*utilizando o itinerario máis directo, sen desvíos e rodeos innecesarios*”, como di a Instrución conxunta, pero resulta evidente que debe tratarse de vías acondicionadas e seguras, sobre todo no caso dos desprazamentos de escolares menores de idade, elemento que é especialmente relevante no caso do transporte integrado.

-Con todo, esta institución debe chamar a atención sobre a falta de toda valoración respecto da excepcionalidade da situación alegada, sobre a que o recurso de alzada non contén consideración algunha. Coa información achegada pola persoa que promove esta queixa, non

parecen existir moitas dúbidas sobre a concorrencia de dita excepcionalidade. A xornada da nai comeza ás 6.00 h da mañá nun polígono industrial de Vilalba. O pai comeza o seu traballo como técnico ás 8:00 h. A alumna convive coa avoa e a bisavoa, quen ten recoñecida dependencia grao II, e o seu irmán de 7 anos. Resulta evidente a dificultade de conciliar a vida laboral e familiar desta unidade.

Pero sobre todo, a apreciación desa posible excepcionalidade debe tomar en consideración a obriga de garantir a seguridade dunha nena de 12 anos e a obriga das administracións públicas de atender ao interese máis necesitado de protección. Non se trata de *“recoller a cada escolar do transporte integrado ao pé da súa casa”*, en expresión do informe, senón de garantir as medidas compensatorias precisas para asegurar a non discriminación do alumnado en etapas escolares obrigatorias en función das súas concretas condicións de vida.

Finalmente, aínda que a resolución indica que *“a parada Ribeira 2 non está nin estivo en ningunha ruta escolar do IES Santiago Basanta Silva de Vilalba”*, consta no expediente a certificación da directora do CEIP Monseivane (Moreda-Lanzós) de que na etapa de educación primaria, a alumna tiña autorizada unha parada no lugar de Ribeira, tal como agora se solicita.

Cómpre indicar que a invocación dos criterios recollidos no punto 5.c da Instrución conxunta 1/2022, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, sobre a xestión do servizo de transporte de escolares no curso escolar 2022-2023 do 27 de xuño de 2022 para a creación de novas paradas nas rutas de transporte integrado céntrase en que, con carácter xeral, non se autorizan a creación de novas paradas en distancias inferiores a 2 km. da parada máis próxima; e que a parada solicitada atópase a 1,5 km da parada máis próxima, Lagoa, distancia inferior aos 2 km. aos que se refire a normativa vixente, e ademais supón un desvío de 1.400 metros na ruta integrada.

Porén, eses criterios aparecen modalizados no apartado iii do punto 5.c na propia Instrución conxunta:

Adicionalmente, autorizaranse con carácter excepcional novas paradas situadas entre 1 e 2 kms. do centro escolar ou da parada máis próxima, cando se dean, conxuntamente, as seguintes circunstancias:

- O seu establecemento requirirá o informe do Servizo Provincial de Apoio aos Servizos Educativos sobre as circunstancias específicas que xustifiquen a súa autorización, tales como as especiais condicións orográficas da zona, as condicións de seguridade viaria, a existencia de limitacións de mobilidade por parte dos escolares, ou a concorrencia doutras circunstancias concretas e extraordinarias no ámbito territorial, nas persoas usuarias ou nas súas familias.

- A nova parada non prexudique o mantemento da funcionalidade do servizo para o conxunto das súas persoas usuarias; concretamente, non se poderá autorizar estes cambios cando poidan determinar un incremento nos tempos de viaxe por riba dos previstos na normativa sobre condicións de seguridade no transporte de escolares e menores.
- Que a ampliación do itinerario, tomando en consideración o conxunto de solicitudes en tramitación que afecten a un mesmo contrato de concesión, non supoña un incremento do custo económico do servizo de transporte para a Administración.
- A autorización da nova parada efectuarase polo Servizo de Mobilidade responsable do contrato de concesión mediante a adopción de medida cautelar inmediatamente executiva, sen prexuízo do seu carácter provisional, podendo levantarse, modificarse ou manterse na resolución do correspondente expediente, e condicionando o seu mantemento no tempo a que se manteña o requisito do apartado anterior, aínda no suposto de incorporación de paradas consonte co indicado no punto i).

Estas mesmas regras poderán aplicarse no caso de paradas situadas a entre 500 metros e 1 km do centro escolar ou da parada máis próxima. Neste caso, xunto co cumprimento dos requisitos sinalados no punto anterior, ponderarase a concorrencia de supostos análogos no ámbito territorial. A autorización das novas paradas corresponderá ao Servizo de Mobilidade responsable do contrato de concesión, quen, neste último suposto, informará á Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte de cada unha das autorizacións outorgadas e os motivos que as fundamentaron.

iii) Para crear calquera parada que diste menos de 500m da parada máis próxima, así como no suposto de que non encaixen en ningún dos casos previstos anteriormente, antes de proceder a ditar resolución o responsable do contrato de concesión deberá solicitar informe da Dirección Xeral de Mobilidade, para os efectos de establecer actuacións e criterios coordinados ao respecto.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

Ao abeiro do artigo 119.3 da Lei do Procedemento Administrativo Común, o órgano que resolva o recurso decidirá cantas cuestións, tanto de forma como de fondo, expoña o procedemento, fosen ou non alegadas polos interesados. Neste último caso oíráselles previamente. Con todo, a resolución será congruente coas peticións formuladas polo recurrente, sen que en ningún caso poida agravarse a súa situación inicial.

Xa que logo, cómpre que a resolución examine e se pronuncie sobre a concorrencia ou non das circunstancias enumeradas no punto 5.c iii) que deben darse para autorizar con carácter excepcional novas paradas situadas entre 1 e 2 kms. do centro escolar ou da parada máis próxima, en función das circunstancias alegadas no recurso.

E a seguinte **recomendación**:

Que na consideración das circunstancias específicas que xustifiquen a posible autorización, tales como as especiais condicións orográficas da zona, as condicións de seguridade viaria, a existencia de limitacións de mobilidade por parte dos escolares, ou a concorrencia doutras circunstancias concretas e extraordinarias no ámbito territorial, nas persoas usuarias ou nas súas familias, se pondere en particular a concorrencia do dereito á conciliación da vida persoal e familiar, tendo en conta os horarios de traballo dos pais e o coidado de menores e dependentes nesta concreta unidade familiar.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación das resolucións formuladas, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo